

BANDO DA ALCALDÍA DE ARZÚA

A alcaldía de Arzúa diríxese á veciñanza para manifestar a súa profunda preocupación pola recente autorización de impacto ambiental concedida pola Xunta de Galiza ao proxecto da megacelulosa de Altri na comarca da Ulloa, a poucos quilómetros do noso concello. Este proxecto supón un ataque directo ao modelo económico que Galiza debe priorizar para o seu futuro, baseándose na produción sostible e na defensa do medio rural.

A implantación de Altri supón unha ameaza real para comarcas agrogandeiras coma a de Arzúa, así como para as comarcas pesqueiras da Ría de Arousa, que sustentan milleiros de familias cun modelo produtivo baseado na calidade e sustentabilidade. Estamos a falar de 8.000 empregos directos que corren risco, ademais da viabilidade de centos de explotacións agrarias e marisqueiras que xa se atopan nunha situación delicada.

En Arzúa, as consecuencias desta megacelulosa afectarían directamente ao noso sector agrogandeiro, á calidade do noso queixo, ao Camiño de Santiago, á auga e, en definitiva, á nosa saúde e calidade de vida. Non podemos permitir un proxecto que pon en perigo o noso territorio e o noso futuro.

Por este motivo, facemos un **chamamento á cidadanía para que participe activamente na gran manifestación en defensa da nosa terra e do noso mar, e contra este proxecto lesivo, o vindeiro sábado ás 12:00 horas no concello da Pobra do Caramiñal.**

Desde o Concello poñerase un autobús a disposición de toda a veciñanza con saída dende o aparcadoiro público da Avda. de Lugo ás 10:00 e regreso desde a Pobra ás 14:00. O teléfono para reservar é o 626798291.

Ante este agravio ao noso concello e ao noso país, faise imprescindible unha resposta social contundente para frear un proxecto que atenta contra o noso futuro e a nosa saúde.

Arzúa, a 18 de marzo de 2025.

O Alcalde

Xoán Xesús Carril